

As **cantigas de amigo** son composicións nas que o poeta pon en boca dunha muller as penas (a *coita*) de amor que esta dirixe ao seu “*amigo*” ou amante. A característica principal deste tipo de cantigas é que o trobador utiliza como **eu lírico a voz dunha muller** que expresa os seus sentimentos ben sobre a ausencia do amigo, ben sobre a alegría co encontro con el. A palabra “amigo” aparece nos primeiros versos das cantigas deste tipo. As cantigas poden ser monologadas ou dialogadas.

A cantiga de amigo é un xénero **autóctono** que procede dunha primitiva poesía oral de carácter feminino que debeu existir no noroeste peninsular. Existen outras mostras deste tipo de poesía en Europa contemporaneamente en Francia, Alemaña ou Sicilia. Na Península, as **kharxas** mozárabes do século XI presentan moitas semellanzas coas nosas cantigas de amigo.

Pódense clasificar, segundo a súa temática en: **bailadas**, que son cantigas nas que se expresa a ledicia cunha invitación ao baile; **mariñas ou barcarolas**, que se desenvolven nunha paisaxe mariñeira; e **cantigas de romaría**, nas que o encontro amoroso se produce (ou se vai producir) no contorno dunha ermida ou santuario.

O **suxeito lírico** destas cantigas é unha doncela, descrita como “*fremosa, louçana, de bon parecer, de bon semelhar, etc.*”. O tipo de **sentimentos** que manifesta son variados: a coita polo amor non correspondido ou pola ausencia do namorado, a súa alegría polo encontro xa realizado ou porque vai ter lugar próximamente, a súa timidez, arrepentimento, celos, impaciencia... A protagonista, aínda sendo unha doncela inexperta, pode amosar certa malicia e usar o dobre sentido para referirse ao encontro co amigo (“*amor ei migo/ que non ouvesse!/ fiz por amigo/ que non fizesse!*” Johan Zorro).

A muller diríxese ás veces ao propio **amigo**, que sempre está ausente (servindo ao rei, na guerra, etc.) polo que nunca responde (*Como vivo coitada, madre, por meu amigo,/ca m’enviou mandado que se vai no ferido:/ e por el vivo coitada!* Martín de Xinzo). Outras veces a protagonista da cantiga fala coa **nai**, á que fai partícipe dos seus sentimentos, quen soe representar unha figura de vixilancia e a quen a filla recrimina que lle impida verse co seu amigo (*Non poss’eu, madre, ir a Santa Cecilia/ ca me guardades a noit’e o dia/ do meu amigo* Martín de Ginzo). Hai cantigas dialogadas nos que a propia nai intervéen en versos ou cobras alternas. En ocasións a moza utiliza a propia **natureza** como **confidente** das súas penas de amor, pero o máis común é que as confidentes sexan a **irmá** ou as **amigas**. Estas, ademais, poden facer de “mandadeiras” : levar o recado da cita ao amigo.

Estas cantigas desenvólvense xeralmente nunha **paisaxe** bucólica e primaveral coa presenza de fontes, ríos, igrexas, ermidas, aves, cervos (algún destes elementos con valor simbólico); nalgúns deses lugares prodúcese o encontro co amigo.

Formalmente a cantiga adoita estruturarse en cobras de 2, 3 ou 4 versos, xeralmente con **refrán** (tamén poden ser de mestría, sen refrán) e caracterízase por unha serie de elementos repetitivos que facilitaban a súa memorización e que constitúen unha cohesión interna da propia cantiga:

- **Refrán**: verso ou versos que se repiten ao final de cada cobra.
- **O paralelismo**: procedemento polo que as palabras ou ideas dunha cobra volven repetirse na seguinte cobra ou en estruturas de leixaprén, na seguinte parella de cobras. Ademais do paralelismo semántico (repetición do significado), o máis elaborado é o **paralelismo literal**: repítese o verso modificando só a última parte con dous procedementos:
 - **Por sinónimos**: *amado/amigo, avelaneiras froidas/avelaneiras granadas...*
 - **Por cambio de orde**: *fontana fría/fría fontana; que ven i/que i ven...*
- **Leixaprén**: repetición do segundo verso dunha cobra como primeiro verso dúas estrofas despois. De darse, é sempre en cantigas de refrán, coa seguinte estrutura: A B refrán, A’ B’ refrán; BC refrán, B’ C’ refrán.

Paralelismo

Leixaprén

